

# Aplicacións, modos de acceso e formatos

## Aplicacións

- Localización
- Navegación
- Rastrexo
- Cartografía
- Tempo exacto

## Acceso a datos Rinex e DAT

O acceso aos datos RINEX e DAT é de balde durante as 24 horas do día, accedendo ao servidor:

**basegps.uvigo.es [193.147.81.55]**

### Modos de acceso:

#### 1. FTP

Bastará facer ftp ao servidor "basegps.uvigo.es" (ou á súa IP: 193.147.81.55), co usuario "anonymous" e o seu enderezo de correo electrónico como contrasinal. Por último deberá cambiar ao directorio:

**datosgps**

onde atopará os datos RINEX e DAT, o almanaque de navegación, etc.

#### 2. Servidor WEB:

Pode acceder mediante o seu navegador de internet a través do enderezo:

<http://basegps.uvigo.es/>

### 3. Radiomódem:

Os usuarios poden conseguir as correccións diferenciais conectándose ao radiomódem instalado no tellado do CACTI.

Frecuencia: 433,200 MHz  
Transmite por CMR+

### 4. Teléfono móbil:

Mediante un teléfono móbil GPRS/UMTS, pode descargar as correccións diferenciais mediante unha chamada á IP da base GPS: 193.147.81.55 polo porto 2101

A base GPS utiliza o protocolo NTRIP para enviar datos (RTCM 2.3, RTCM 3.0, CMR+, etc.) a través de internet.

## Descrición de formatos

### 1. O Formato RINEX:

RINEX **R**eceiver **I**ndependent **E**Xchange - desenvolvido polo Instituto Astronómico da Universidade de Berna:

<ftp://igscb.jpl.nasa.gov/igscb/data/format/rinex2.txt>

### 2. O Formato DAT

Formato de Trimble con datos GPS en bruto para estación de referencia universal, incluíndo pseudorange, fase de portadora, información de efemérides e correccións diferenciais.